

27.06.2001

# A Mariña

El Progreso

## BURELA

Marqués de Sargadelos, 1 1º A  
Teléfonos: 982 58 59 61-982 58 59 61

Fax: 982 58 80 45  
982 58 59 56  
Departamento comercial  
Teléfono: 982 58 60 33

## VIVEIRO

Benito Galcerán, 15-17, entlo. E  
Teléfonos: 982 55 17 52  
982 55 05 98

Fax: 982 55 05 96

## RIBADEO

Doutor Moreda, 8-10, 1º  
Teléfonos: 982 13 09 90  
982 13 10 06

Fax: 982 13 10 06

Antón Cortizas, gañador do 'Merlín' en Viveiro

## "Creo que tódolos contos son tamén para adultos"

VIVEIRO, CARMEN ABUÍN

O gañador do premio *Merlín*, o ferrolán Antón Cortizas, é mestre de Educación Primaria e publicou, ata o momento, vinte obras dirixidas ao público xuvenil e está preparando dúas novelas para adultos, "aínda que non teño tempo", subliña.

— 'A merla de trapo' é unha homenaxe á súa nai. ¿Conleva isto unha maior exixencia?

— Sempre tentas escribir o mellor que sabes, pero neste caso púxenlle incluso máis sentimento. Sempre se debe tratar de facer ben as cousas, pois quero facer historias fermosas. *A merla de trapo* fala de dous amores fantaseados. O merlo de ferro é personaxe dun libro anterior meu, que agora necesita alguén para ter compañía e a costureira constrúelle unha merla de trapo. Medrei ó lado dunha forxa e dunha máquina de coser e, das

miñas lembranzas, xurdiu o conto. Ó tempo, un ferreiro chega á vila e se namora da costureira.

— É unha historia fermosa.

— Para amargura chega a vida mesma e o sistema en que vivimos, mediado polo capitalismo.

— ¿Axúdalle a escribir para nenos o feito de ser mestre?

— En certo modo eu non quero escribir para uns lectores determinados, senon contar o que me apetece contar. Eu creo que tódolos contos son para adultos tamén. A diferenza entre a literatura infantil e a de adultos, está no propio lector. Un conto moi rico pode ser tamén comprensible para os rapaces.

— ¿As súas fillas estanse a converter nas súas milloras críticas?

— Elas axudárome moito e os primeiros contos que escribín están adicados a elas. Ademais, o feito de ter alumnado tamén me axudou. Sempre me gustou

escribir, pero sin pretensións. Escribía, sobre todo, poesía, pero presentando as miñas obras a certames é como conseguín publicar. O feito de que gañes, ás veces depende dunha única circunstancia: é que mandes a obra o concurso xusto e que cha lean.

— ¿As súas metáforas precisan a imaxinación dos nenos para ser comprendidas en toda a súa dimensión?

— A metáfora ten que usarse para contar o que se desexa. Moitas veces pensamos que os nenos son menos intelixentes, pero sempre poden ver o fondo que eles queren ler. A crítica fai-na un intérprete e o autor moitas veces nin pensou en determinadas lecturas, simplemente intuitivas. Moitas veces as cousas van fluindo e hai que deixalas. Analízalas despois cando fas as correccións e si queres profundizar miras de onde procede esa auga que flúe.



JOSE Mª ALVEZ

Cortizas adicou 'A merla de trapo' á súa nai, que foi costureira